

O reformismo borbónico en Galicia

Inclúe a Pregunta para desenvolver nº8:

O reformismo borbónico en Galicia

(a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial)

2º Bach. ~ IES Mendiño – 2024/2025

Prof. Xael Díaz Alonso

A importancia estratéxica de Galicia

- Nos século XVIII Galicia mantivo a súa **importancia estratéxica** na defensa do imperio americano, sobre todo fronte aos ingleses.
- Os Borbóns invertiron en Galicia, creando **novos servizos e institucións** (como a *Intendencia do Reino de Galicia* e o *Real Consulado*).



A importancia estratéxica de Galicia

- Debido á súa **posición estratéxica**, Galicia converteuse nun lugar onde rexeitar armadas estranxeiras que atacaban as flotas ou territorios españois.
- A maioría da costa galega foi reforzada con numerosas **baterías e castelos**.



A importancia estratéxica de Galicia



A matrícula de mar

- A matrícula de mar foi un *sistema de recrutamento de tripulaci3ns* para a Armada.
- O obxectivo era garantir que houbera persoal competente para o manexo dos barcos nun contexto de enfrontamentos navais polas rutas comerciais e as colonias.



A matrícula de mar



A matrícula de mar

- Rexistraba ás persoas dedicadas ao mar, indicando a clase á que pertencían (mariñeiro, artilleiro, grumete...).
- Quedaban libres de quintas e de impostos municipais, pero podían ser chamados ao servizo da Armada ata cumprir 60 anos.



A matrícula de mar

- A matrícula de mar fora creada por Felipe IV, pero non funciona ben ata as reformas borbónicas.
- En 1714 Felipe V crea a **Real Armada**, en 1726 establece a división das costas españolas en tres departamentos (Ferrol, Cádiz e Cartagena), así como as directrices da matrícula de mar. Galicia tivo a cuarta parte desta.



O arsenal de Ferrol

- En 1726 Xosé Patiño, ministro de Felipe V, decidiu establecer en **Ferrol** a sede do ***Departamento Marítimo do Norte*** e unha das bases da Armada.
- A partir de 1746, co marquês de la Ensenada, ministro de Fernando VI, iniciouse a construción dos modernos **estaleiros e o arsenal**.



O arsenal de Ferrol



O arsenal de Ferrol



O arsenal de Ferrol

- Para a formación dos mandos da Armada creouse a **Academia de Guardamarinas**.
- Ferrol crecía e creáronse os barrios de Esteiro (para os traballadores) e a **Magdalena** (principalmente para os oficiais). Este tiña un plano hipodámico, seguindo as teses ilustradas.



O arsenal de Ferrol



O arsenal de Ferrol





A apertura do comercio colonial

- A eliminación do monopolio comercial de Cádiz favoreceu a Galicia, especialmente a Coruña.
- En 1764, con Carlos III, estableceuse na Coruña o ***Servizo de Correos Marítimos***, encargada de levar cartas ata La Habana e, despois, Buenos Aires. Tamén persoas e mercadorías en tempos de paz.



A apertura do comercio colonial

- En 1765 o porto da **Coruña** foi **autorizado a comerciar** directamente con América
- Ambas concesións favoreceron o crecemento comercial e a renovación urbanística e portuaria da cidade (incluindo a Torre de Hércules).



A abertura do comercio colonial



A abertura do comercio colonial



Ánimo co estudo!